

VIEIROS

Irimia

Xestionado pola [Asociación Irimia](#)


ESPECIAL XXIX ROMAXE DE CRENTES GALEG@S - 2006

Unha Romaxe verde esperanza, de terca, teimosa primavera

Co seu persoal estilo, inconfundible e xa coñecido por todos nós, Victorino Pérez Prieto resúmenos o que foi a xornada vivida no Chan da Arquiña.

- 17:12 06/12/2006

"Silencio. Hai un orballo
de terca primavera
que vén coa noite e fura
e vai mollando e entra
e busca en ti e no mundo
o corazón, a pedra.
Están as raíces mainas
zugando baixo a terra
a procurar máis zumes
máis troncos que florezan".

Os versos de Bernardino Graña soaban neste sábado de setembro, no palco do Chan da Arquiña (Moaña) coa cortina de fondo das arbores queimadas, coma un exorcismo esperanzado contra a morte que trouxo á nosa terra o terrorismo incendiario no nefasto mes de agosto. As palabras soaban coa súa voz rouca, pero chea de vida, na xa XXIX Romaxe, coma un eco daqueles magníficos versos de Neruda: "Poderán cortar todas as flores, mais nunca serán amos da primavera". Porque, certamente, a festa chea de esperanza soaba naquel chan poeirento, rodeado de árbores queimadas, coma un verdadeiro "orballo de terca primavera" seguro de que "están as raíces mainas/ zugando baixo a terra/ a procurar  máis troncos que florezan".

Un lema profético

O lema deste ano soaba profeticamente expresivo: "Redeiras de esperanza". E digo profeticamente porque aínda que fora organizada meses antes do desastre incendiario, soaba actualísima, como unha canle de esperanza no medio da destrución que tinguiu os nosos montes coa negrura da morte.

A igrexa galega pregoaba alí, unha vez máis, o seu berro contra as redes de morte da fame e da guerra que non cesa, do terrorismo forestal que nos arrasa e o idioma que perde falantes, do individualismo e o deus sen alma do capital; tamén as redes da droga e a sangría dos emigrantes, da marxinação da muller, a Igrexa piramidal e machista, etc. Pero non se ancoraba alí nun choro estéril, senón que se proclamaba a fe na forza da vida que chega por medio do amor teimudo creador de redes de esperanza: "Fío a fío somos fráxiles,

pero unidos, tecidos en rede, somos fortes". Esta igrexa cantaba a súa fe no Deus que fai renacer a vida no medio da morte, e a vontade de colaboración para que chegue unha nova primavera á nosa terra: "Porque es grande noso Deus/ e dásnos vida e verdor/ desde a Galicia queimada/ conta connosco Señor".

Unhas "Redes cristiás" e ecuménicas

E esta mensaxe transmitía un xeito de ser igrexa en sintonía con outros moitos grupos de cristiáns no estado español e no mundo; igrexas que van tecendo o que chaman expresivamente "Redes cristiás". Unhas redes tiñan tamén alí o seu gratuito e comprometido posto, anunciando, cun gozoso deseño do debuxante J.L. Cortés, que "no canto de atraparte, impúlsante a saltar"; saltar á vida de cada día sen medo, cunha fe grande en que este mundo pode ser outro, se o queremos realmente. Redes cunha vontade decidida de non ancorar no que teño chamado no último libro meu "a síndrome N.N.A. (non hai ningunha alternativa)". Para os que queiran conectar con estas Redes: Josecho Barca, 658 619 858. jbarca@edu.xunta.es.

Unha esperanza fronte ao medo e o desánimo

Non importa que algunha xente xa estivera tomando o café de sobremesa cando aínda estabamos na eucaristía, ou -o que a algúns nos pareceu aínda máis grave- facendo o lume para o churrasco ou as sardiñas, semellando ser insensibles ante o lume de morte que os rodeaba. Non importa que algunha xente que vai á Romaxe semelle confundila cunha excursión máis e sexan pouco sensibles aos seus signos de identidade: fe e galegitude; relixión liberadora e aposta por un país ♦ un pobo, unha terra, unha fala-. Non importa, porque alí respirábase un ano máis esperanza fronte ao medo e o desalento, aposta por unha nova primavera para a nosa terra e para o mundo, porque outro mundo é posible, aínda que vaiamos algo cansos de dicilo e tentalo. "Outro mundo é posible", quizás porque sabemos lucidamente que "este mundo é imposible", aínda que nos tenten vender que isto é o que é non hai outra posibilidade.

A celebración, sobre a que sempre paira o temor do fastío e a longura, fíxose afortunadamente curta; quizais pola axilidade conseguida no guión, ou porque estabamos particularmente dispostos para esa mensaxe, e palpábase no ambiente o desexo ardente de enchouparnos dunha corrente de esperanza fronte á impotencia que sentimos ante o terrorismo que quere queimar o futuro do país.

E abofé que nos enchoupamos desa esperanza desde a acollida, tras o calvario de morte moura que fíxemos facendo nos buses no ascenso do monte ata chegar ao Chan da Arquiña, ata a oración final en Moaña ao pé da ermida de San Bartolo, que eles chaman "Samertolaleu". O "santo que quita medos" axudounos a quitar os nosos medos, mentres recitabamos tres veces as verbas do tradicional ritual: "Samertolameu, dáme o teu medo, que eu che dou o meu!". A meirande imaxe da teimosía valente deste apóstolo del Señor vira nun impresionante óleo no museo do Prado: San Bartolomeu, despois de ser esfolado por predicar a Xesús Cristo, volveu predicarlle á xente, esfolado e todo! O martirio non puido coa súa teima en proclamar a súa fe no Deus de vida. Unha boa imaxe contra o medo que nos atranca, que nos fai sentir inútil, que quere achantarnos teimosamente, porque a nosa lingua non ten futuro, porque iso de Galiza nación é una teimosía de "radicais intolerantes", porque tras o chapapote veu o lume, e sabe Deus o que virá despois, porque se as igrexas tradicionais teñen pouca xente, a presunta igrexa galega aínda ten menos, porque os mozos pasan de nós ♦

Un ano máis encontrámonos, compartimos, festexamos, alentámonos na esperanza fronte ao medo, quizais nos curamos un pouco das nosas feridas, afianzámonos no Deus sempre fiel e forte para o ben ♦ e oxalá nos fomos enredando máis nunha rede solidaria, verdadeira ante tanta hipocrísia e desamor que corrompe ata os mellores.

Unha propaganda lexítima

Finalmente, nesta Romaxe houbo tamén, explícita e lexítimamente, unha propaganda ousada do medio de

expresión que a fornece con máis forza: a revista Irimia que uns poucos seguen facendo cada quince días, outros poucos a fomos facendo durante bastantes anos, e uns moitos a foron apoiando e apoian co seu alento ao longo de cinco lustros. Para moitos semella que este traballo foi anónimo, por falla de memoria, salvo o nome do patriarca Pepe Chao; outros ben lembramos os nomes concretos que foron tecendo a rede irimega, desde aquel número 0 que tiveron o privilexio de presentar na IV Romaxe -onde fomos "Chamados na Lagoa" de Castiñeiras- e elaborar case todo el manualmente. Felices vodas de prata Irimia! Parabéns para ti!